

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Pozo Triviño, María Isabel del
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, Belén
Sánchez Moreiras, Adela María
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Álvarez González, Susana
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Fariña Rodríguez, José
Formella, Arno
Garza Gil, María Dolores
Lorenzo González, M^a de las Nieves
Mociño González, María Isabel
Pérez Vázquez, María Consuelo
Rodríguez Domínguez M^a del Mar
Soto González, María Mercedes

PDI-A

Álvarez Álvarez, María Salomé
Anaya Revuelta, Inmaculada
Arévalo Tomé, Raquel
Durán Barbosa, Rafael
López Ardao, José Carlos
López Mira Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Pazos Couto, José María
Porteiro Fresco, Jacobo
Rodríguez Vázquez, Virxilio
Romo Pérez, Vicente
Rúas Araújo, José
Ruiz Hidalgo, Carmen
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

ESTUDANTES
González González, Jaime
Rodríguez Pousa, Estela

PTXAS

Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel
Pazos Currás, Marta

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Rodríguez, María Rosa
Quintero Martínez, Félix

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 18 de xuño de 2026, convocada para ás 10:30 h. en primeira convocatoria e ás 11:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 11:00 do día 18 de xuño de 2026 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 26 de maio de 2026.
2. Informe do reitor.
3. Quenda de Intervencións.
4. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 18 de xuño de 2026.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 26 de maio de 2026.

O reitor pide que se aprobe a acta por asentimento.

Apróbase por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa de varios asuntos e actividades realizadas desde a anterior sesión:

- Celebrouse sesión do Consello Galego de Universidades aprobándose todas as titulacións enviadas pola Universidade de Vigo. Enviáronse as cifras de admisión de estudantes solicitadas pola Uvigo. En canto aproben en Madrid, celebrarase unha sesión extraordinaria do Consello Galego de Universidades previsiblemente a comezos de xullo.
- Celebrouse sesión do CITMAGA para iniciar o proceso de entrada de novos membros e para elixir novo equipo directivo. A proposta da Uvigo é mudar os estatutos para que no equipo haxa sempre un membro de cada universidade.
- Celebrada sesión CIXUG. Queda pendente a unificación coa CISUG.
- Celebrados consellos reitores ordinarios dos centros CIGUS (AtlanTTic, Cintecx, adiándose a do CIM para o vindeiro Luns).
- MEGAU 2026: será o venres na USC, e o ano seguinte na UdC, voltando á nosa universidade en 2028.
- Estado da cuestión da mellora das PAU: A Xunta quere mudar a norma, incluíndo mais persoas designadas pola Xunta na organización das probas. Os delegados dos reitores e reitoras opóñense. Estamos pendentes de ter unha xuntanza para tentar que a futura norma sexa consensuada. Por parte da Uvigo xa asistirá a nova reitora.
- Celebración ECIMAT e CIM.
- Presentación da orquestra de cámara da Uvigo.
- Celebración dos 30 anos do Consello Social.
- Primeira presentación da UMI SOSTENAVE con Coren e Sertogal.
- Antonio Nóvoa, Doutor honoris causa.

3. Quenda de Intervencións.

Carmen Ruiz Hidalgo, da as grazas ao reitor por brindarlle a oportunidade de ter participado no Consello de Goberno, e a todos os membros, xa que aprendeu moito neste percorrido, e agradece ao reitor de forma especial a confianza depositada nela, desexando a todos un feliz verán.

Intervén a continuación Ernesto Pedrosa, da as grazas ao reitor, primeiro por estes anos de estabilidade e complicitade, agradecendo a todos os membros tamén estes anos, e en segundo lugar polo acto de onte, moi positivo para todas as persoas que participaron, coa participación do Presidente da Xunta, no que quedou plasmado a importancia do Consello Social.

Virxilio Rodríguez reconece o traballo das persoas que integran este equipo de goberno, con gran esforzo e responsabilidade.

Miguel Cuevas reitera as súas verbas do anterior Consello de Goberno, destacando o afán negociador que tivo este equipo de goberno, cunha negociación moi aberta polas dúas partes, reconecendo a capacidade de diálogo do equipo reitoral.



4. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 18 de xuño de 2026.

Apróbase por asentimento.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:30 h. do día 18 de xuño de 2026, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral